

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 14/06/2013.

Concelleiros presentes:

- D. Secundino García Casal.
- D. Manuel Varela Mecías.
- Dª María del Carmen Muiño Filgueira.
- Dª María Amparo Calvo González.
- D. Jesús Manuel Soto Vivero.
- Dª Ana Belén Breijo Gundín.
- Dª María del Carmen García Pérez.
- D. Plácido López Loureiro.
- D. Hipólito Díaz Silva.
- D. Fernando Márquez Hermida.

Concelleira ausente:

- Dª Silvia Fernández Muiño.

Secretario:

- D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as dezanove horas e trinta e catro minutos do día catorce de xuño de dous mil trece, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión extraordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión extraordinaria celebrada o día dez de xuño do presente ano dous mil trece. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non habéndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

SEGUNDO. APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 01/2013.

Dase conta polo concelleiro de facenda, Sr. Soto, da necesidade de modificar o crédito disponible nunha partida do presuposto do presente exercicio 2013, mediante un suplemento de crédito, articulado mediante o expediente nº 1/2013, para incrementar a dotación do artigo 60, área de gasto 4, adicado a investimentos, coa finalidade de poder executar un proxecto de mellora de infraestructuras municipais que tamén vai ser aprobado na presente sesión plenaria. O importe deste suplemento sería

de 88.221,15 euros, cantidade procedente do remanente de tesoureira do exercicio 2012.

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos dez membros presentes do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. López Loureiro fai referencia ó incumprimento da regra do gasto, que aínda se agravará no caso de que o gasto previsto sexa incrementado segundo o proposto con este expediente, e pide explicacións ó respecto, aínda que o seu grupo non se posiciona en contra dun aumento do investimento.

O Sr. Márquez interven de seguido para dicir que está de acordo coa modificación proposta no orzamento, aínda que tampouco entende como se vai cumprir co principio de estabilidade presupostaria, e pregunta se non se podería ter disponible esa cantidade como unha especie de colchón para solventar posibles desequilibrios económicos neste exercicio.

O Sr. Soto di que é a regra de gasto o que non se cumpriría, pero si o principio de estabilidade, e que o importe da modificación proposta equivale exactamente ó do proxecto de investimento que se pretende realizar, que vai adicado na súa maior parte a gastos de persoal. En consecuencia, non vai sobrar nada para outras finalidades. O Sr. Alcalde di que a regra do gasto é unha cuestión política que ven a manifestar a febre intervencionista do Estado, e que non ten lóxica que haiba remanente, que non se teña débeda pendente algunha e que non se poidan utilizar os recursos disponibles para atender necesidades da poboación. Di tamén que do que se trata aquí non é de corrixir erros de prevision ou planificación, senon de dispor de cartos que se teñen, para gastos necesarios e buscando a creación de emprego entre os máis desfavorecidos.

Sometido seguidamente a votación ordinaria, a Corporación, previa breve deliberación, en votación ordinaria e por maioría de oito votos favorables, dos concelleiros do BNG, e o do PSOE, con dúas abstencións, dos concelleiros presentes do PP, acorda:

1º.- Aprobar o expediente de modificación de créditos n.º 01/2013, do Presupuesto do 2013, na modalidade de suplemento de crédito financiado mediante o remanente positivo de tesoureira do exercicio anterior, de acordo co seguinte detalle:

Altas en Partidas de Gastos

Partida: área e artigo	Consignación actual	Incremento	Consignación resultante
4 – 60	835.200,00	88.221,15	923.421,15

Altas en Partidas de Ingresos

Partida: capítulo e artigo	Consignación actual	Incremento	Consignación resultante
87	0,00	88.221,15	88.221,15

2º.- Ordear a exposición ó público do contido do presente acordo, polo prazo de quince días hábiles, a efectos de posibilitar, no seu caso, o seu exame e a presentación de reclamacións, especificando que, no caso de que non se presenten reclamacións durante o expresado prazo, entenderase definitivamente aprobado o expediente de que se trata.

TERCEIRO. APROBACIÓN DE PROXECTO PARA MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS MUNICIPAIS.

Dase conta do proxecto de mellora de varias infraestructuras municipais redactado pola arquitecta municipal para posibilitar a execución dunha serie de obras que se consideran precisas en infraestructuras de titularidade municipal, cun presuposto total de 79.638,70 euros, ós que se engadirán 8.582,45 para a contratación dunha persoa para realizar as actividades administrativas derivadas da execución das obras de que se trata, o que fai un total para o proxecto de 88.221,15 euros.

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos dez membros presentes do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Soto explica que as obras do proxecto de que se trata realizaranse por administración coa finalidade de aforrar parte dos custes, con persoal propio que se contratará con sometimento a unhas bases que se aprobarán próximamente. Explica o Sr. Soto as características das obras comprendidas no proxecto, indicando que se trata sobre todo de contratar persoal para tratar de paliar a grave situación de desemprego que padece a zona, dentro das limitadas posibilidades dun concello como San Sadurniño. Contrataranse oito persoas, con xornada de seis horas e durante un periodo de seis meses, cos perfíles que o Sr. Soto explica de seguido.

O Sr. López Loureiro di que podería haber outras cousas máis urxentes para facer, pero que o seu grupo non vai entrar agora nesa polémica, e que o prantexamento do asunto parécelles ben. O Sr. Márquez pregunta polos alpendres que se van facer xunto ós locais sociais, e o Sr. Alcalde resposta que se trata de pequenos locais de madeira cunha tipoloxía tradicional nos que poder colocar barbacoas e outros usos similares, xa que no interior dos locais sociais non se poden realizar este tipo de actividades, e que se farán respostando a propostas formuladas nas xuntanzas dos orzamentos participativos. O Sr. Márquez di que hai outras moitas pistas por arranxar, como a da área recreativa de Naraío, pola que non se pode pasar, para que se tome en consideración a posibilidade de actuar nelas cando sexa posible. Pregunta tamén se van ter preferencia para as contratacións laborais os veciños de San Sadurniño. O Sr. Alcalde indica que a selección dos traballadores farase mediante ofertas xenéricas dirixidas á oficina de emprego, que será quen aplique os criterios de preferencia legalmente establecidos para elaborar a relación de aspirantes para cada praza, ós que se aplicarán unhas bases de selección similares ás que se utilizan para o persoal contratado mediante convenios subvencionados pola Xunta. Por outra banda, repite que o criterio de selección das obras atende á creacion do maior número de postos de traballo posibles, polo que se primarán

as obras que deban empregar moita man de obra. En relación coa área recreativa de Naraío e con outras, di que o primeiro que se debe clarear é se aínda ten o Concello algún dereito sobre elas, posto que no seu momento fixéronse con cesións temporais dos donos dos terreos.

Sometido seguidamente a votación ordinaria, a Corporación, previa breve deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda:

1º.- Aprobar o proxecto redactado pola arquitecta municipal para a realización das obras de "Mellora de varias infraestructuras municipais", que conta cun presuposto total para execución por administración, IVE incluído, de 88.221,15 euros.

2º.- Aprobar o expediente incoado para a execución por administración das referidas obras, ordeando a incorporación ó mesmo dos necesarios informes e a realización coa brevidade posible dos trámites necesarios para iniciar a execución das obras de que se trata.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as dezanove horas e cincuenta e nove minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,